- Deben estar moi presentes no deseño das actividades os principios DUA, ofertando dentro dunha mesma actividade, diferentes maneiras de acceder á información, diferentes xeitos de expresarse, e diferentes maneiras de motivar ao alumnado.

- Para conseguir máis significatividade nas aprendizaxes do alumnado empregaremos estratexias que axuden a conseguilo seguindo os principios básicos da neuroeducación no que di que o alumnado ten que sentir interese polo tema para activar as súas conexións neuronais. Isto irá acompañado de actividades que faciliten a capacidade de aprender do noso alumnado tales como as rutinas de pensamento, esquemas visuais...

- Nesta programación empregárase un enfoque activo á hora de deseñar as actividades, buscando sempre que os alumnos sexan as protagonistas activas das súas aprendizaxes.

Ofreceranse sempre actividades onde se desenvolvan diferentes tipos de habilidades e capacidades; para acadalo empregaremos unha organización espacial acorde que permita levar a cabo as diferentes propostas á vez e que o alumnado teña variedade para realizar.

Destacarán os ambientes de aprendizaxe, recunchos...

- O traballo con ferramentas tecnolóxicas estará sempre orientado cara o emprego destas como xeradoras de contidos e non transmisoras pasivas de información. O alumno se iniciará no seu emprego de forma transversal pero sempre dende unha maneira responsable, respetando os tempos de uso, minimizando a exposición ás pantallas e empregando recursos acordes a súa idade e estado madurativo.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Material funxible: convencionais e non convencionais
Ferramentas tecnolóxicas: ordenador de aula, proxector, PDI, cámara de fotos...
Biblioteca de centro, de aula, libros, contos, revistas, periódicos, álbumes...
Material visual: carteis, bits, láminas...
Material artístico: témperas, pinturas, plastilina, títeres, refugallo...
Material curricular: currículo,
Material de psicomotricidade: estruturas de goma espuma, cordas, balóns, ladrillos, zancos...
Material de xogo simbólico
Material non estruturado: de refugallo, elementos naturais
Material sensorial :bandexas para a escritura sensorial(area, fariña...),...
Comunidade educativa (alumnado, persoal docente e non docente, familias) e calquera persoa que interveña na vida do centro (visitas...)
Proporcionados pola contorna, nun amplo sentido: todo o que se nos poida ofrecer no contexto que nos rodea (parques, edificios relevantes,...)
Instrumentos musicais

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial axudaranos a coñecer a situación de partida do noso alumnado. Os datos obtidos quedan recollidos no informe de avaliación inicial.

Será entendida como un proceso que leva implícito unha serie de acordos para a posterior planificación do proceso educativo baseado na análise, tanto das competencias clave do alumnado como das necesidades do grupo.

Esta avaliación realizarase no mes de setembro a través de:

- Observación directa, sistemática e rexistrada da participación do alumnado nas actividades e propostas didácticas.
- Análise das producións plásticas, escritas, musicais,... realizadas polo alumnado
- Información aportada polas familias ou tutores legais na entrevista inicial.
- Diagnóstico do estado físico, emocional, coñecementos previos e limitacións de cada alumna e alumno.

Subliñar o factor preventivo da avaliación inicial na atención á diversidade, tanto como medio para a identificación temperá das necesidades educativas como para proceder á aplicación das medidas que se consideren necesarias.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Criterios de cualificación:

Os criterios de cualificación está marcados pola consecución dos criterios para cada unidade segundo as táboas de indicadores que se elaborarán seguindo a escala de estimación: sen dificultade, en proceso ou con dificultade. De forma que , o alumno/a obterá a súa calificación en función do grao de consecución observado pola mestra.

Criterios de recuperación:

Este apartado non procede nesta etapa.

6. Medidas de atención á diversidade

Entendidas como o conxunto de medidas ordinarias e extraordinarias, que teñen por finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes necesidades, características, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivación e intereses, así como á situación social, cultural e de saúde de todo o alumnado. Porase especial atención á finalidade preventiva, adaptando a práctica educativa as características persoais do noso grupo e alumnado, así coma os seus intereses e necesidades, e a consideración da diversidade coo un valor, defendendo así un modelo inclusivo que potencia a metodoloxía baseada na diversidade, igualdade de oportunidades, e colaboración. Así como na cultura tecnolóxica e innovadora, aproveitando as posibilidades das TIC para o alumnado (APPS para a estimulación da linguaxe, razoamento, atención,...)

Adequaremos sempre a estrutura organizativa do centro e a xestión da aula ás características do noso alumnado NEAE, e levaremos a cabo medidas como:

- Organizar a aula de forma accesible, adecuar tempos e rutinas en base as súas necesidades fisiolóxicas, afectivas, curriculares e de movemento,...
- Adecar a programación didáctica, realizándose unha interpretación flexible do currículo, axustada ao grupo clase e ao alumnado con NEAE.
- Utilizar metodoloxía colaborativa e cooperativa, seguindo as liñas marcadas no P.E. do centro, seguindo os principios do DUA e propoñendo diferentes medios de acceder á información, de expresarse e de motivar ao alumno.
- Adaptar os tempos, instrumentos e procedementos de avaliación, usando os que mellor se adapten ás características de este alumnado.
- Aproveitar as posibilidades das TIC para todo tipo de alumnado, utilizando diferentes APPS para a estimulación da linguaxe, o razoamento e a atención.
- Buscar de maneira continua interactuar co alumnado NEAE, estimulando a súa actividade e promovendo o interese

por aprender.

- Transmitir a información de maneira clara, concisa e con frases e explicacións curtas.

-Secuenciar as tarefas, incluso con referencias visuais como pictos.

- Traballar con axudas directas e demostracións (traballo de modelado e imitación)

- Evitar tarefas repetitivas sen interese para o alumnado, que poden facer aparecer conductas disruptivas ou inadecuadas, a non ser o caso daqueles alumnos/as que polas súas necesidades requiran deste tipo de actividades para reforzar aprendizaxes e aportar seguridade.

- Primar o esforzo e non o resultado, intentando sempre aumentar a autoestima, adoitando un enfoque emocional nas actividades, tanto como medida preventiva da discriminación como medio para a valoración das diferenzas.

- Ofrecer propostas onde o alumnado poida participar en base ás súas capacidades levando a cabo propostas SEM, para aquel alumnado que o necesite.

- Ofrecer sempre situacións de éxito, para ir aumentando en dificultade progresivamente.

- Intervir educativamente sempre dende un enfoque multidisciplinar: titoría, DO, familia ou titores legais, servizos sanitarios, sociais,...

- Perspectiva constructivista e manipulativa.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Desenvolvemento afectivo e xestión emocional.	X	X	X
ET.2 - Hábitos de control corporal.	X	X	X
ET.3 - Pautas de convivencia e relación social elementais	X	X	X
ET.4 - Coidado da contorna e dos seres vivos.			X
ET.5 - Educación para o consumo responsable.		X	
ET.6 - Educación igualitaria e libre de estereotipos.		X	

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Contacontos	Asistiremos aos contacontos propostos polo equipo de Biblioteca.	X		
Saída ao noso horto	Sairemos a coidar o noso horto.		X	
Saída de fin de curso	Actividade lúdica para descubrir a contorna e para conmemorar o final do curso.			X

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Conmemoracións e festas	A comunidade educativa poderá planificar e participar en distintas celebracións ao longo do curso.	X	X	X
Actividade para facilitar a transición a E.P	Visita a aula de primeiro de primaria e actividades con este alumnado.			X

Observacións:

Todas estas actividades serán incluídas nas correspondentes unidades didácticas e marcados os seus obxectivos xerais nas programacións de aula de cada grupo.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Deseño das actividades adecuadas ao alumnado.
Elementos curriculares presentes nas actividades.
Instrumentos de avaliación eficaces e adecuados.
Temporalización de actividades adecuada.
Metodoloxía empregada
Promóvese o desenvolvemento de diferentes capacidades e habilidades.
Tivéronse en conta os intereses do alumnado no deseño de actividades propostas.
Individualización do proceso ás características de cada alumno/a.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Utilízanse diversidade de materiais para acceder á información, para expresarse e para fomentar a motivación.
Empréganse diversos recursos didácticos.
Existe coordinación co equipo docente.
Medidas de atención á diversidade
Contémplanse todas as NEAE no deseño das actividades.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Promóvese a participación das familias.
A avaliación do alumnado utilízase para modificar o proceso de ensinanza aprendizaxe.

Descrición:

Todos os indicadores de logro teranse en conta para recoller información sobre o proceso, posibilitando modificacións e melloras.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Haberá un seguimento a través da aplicación PROENS dende a coordinación de ciclo en infantil ao rematar cada mes.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36006407	CEIP Plurilingüe Froebel	Pontevedra	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación infantil	Relixión Católica	6º Inf.	1	35

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	11
4.2. Materiais e recursos didácticos	12
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	12
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	12
6. Medidas de atención á diversidade	13
7.1. Concreción dos elementos transversais	13
7.2. Actividades complementarias	14
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	15
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	15
9. Outros apartados	16

1. Introducción

O acordo entre o Estado español e a Santa Sé sobre ensino e asuntos culturais contempla o dereito a recibir ensinanzas de relixión católica. Conforme a isto, a disposición adicional segunda da Lei Orgánica 2/2006 de 3 de maio de Educación establece que se incluíra a relixión católica como área ou materia nos niveis educativos que corresponda.

No Real Decreto 95/2022 de 1 de febreiro dispónse que esta materia incluírase no segundo ciclo desta etapa educativa e que será competencia da xerararquía eclesiástica da Igrexa católica a determinación do correspondente currículo. Neste marco as ensinanzas de relixión católica son de oferta obrigatoria para os centros escolares e de libre elección para as familias.

A proposta educativa desta asignatura favorece o proceso educativo do alumnado, a sensibilidade espiritual e o despertar da experiencia relixiosa. Axuda a comprender e mellorar a nosa tradición cultural, as súas expresións e significado en contextos plurais e diversos. Tamén complementa a necesaria educación en valores humanos e cristiáns.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Descubrir, experimentar e expresar a identidade persoal a través do coñecemento do seu corpo e o desenvolvemento das súas capacidades afectivas e calidades, mediante o achegamento a figuras bíblicas e persoas significativas, para adquirir autonomía nas súas actividades cotiás e hábitos básicos de relación.	1			1	1			
OBX2 - Recoñecer, experimentar e apreciar as relacións persoais e coa contorna, desenvolvendo habilidades sociais e actitudes de respecto, a través de escóitaa e comprensión de narracións bíblicas, para promover valores da vida en comunidade e contribuír así á fraternidade humana.					1	1		
OBX3 - Observar, aceptar e gozar a diversidade persoal e social descubrindo nas súas contornas próximas situacións nas que poida cooperar no coidado da casa común, desde o recoñecemento dos valores da mensaxe e os feitos de Xesús de Nazaret, para xerar espazos inclusivos e pacíficos de convivencia.						1	1	
OBX4 - Explorar e admirar diferentes contornas naturais, sociais, culturais e artísticas gozando das súas manifestacións máis significativas e descubrindo os seus valores cristiáns, para desenvolver creatividade, sensibilidade estética e sentido de pertenza.							1	1

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX5 - Descubrir, manifestar e xerar gusto por cultivar a súa interioridade, explorando pensamentos, emocións, sentimentos e vivencias, admirando diferentes expresións da tradición xudeocristiana e outras tradicións relixiosas, para crecer coa liberdade e seguridade necesarias que posibiliten o desenvolvemento da dimensión espiritual e as bases do propio sistema de valores e crenzas.	1					1		
OBX6 - Coñecer e apreciar a figura de Xesús de Nazaret e da comunidade eclesial, a través de relatos bíblicos e manifestacións relixiosas da contorna, para recoñecer o específico da tradición cristiá nun contexto social de pluralidade relixiosa.	1							1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	E Deus creou o mundo	A Creación. Adán e Eva, os primeiros homes creados por Deus viven no Edén. Respectamos a natureza e coidamos dela.	6	X		
2	Xesús nace nun pesebre	O nacemento de Xesús coma feito máis importante do Nadal. A adoración dos Magos de Oriente. Principais tradicións navideñas.	8	X		
3	Xesús quéreme e cóidame	O valor do amor e da amizade como legado de Xesús. Afondarase na importancia de compartir cos demais e do amor polas demais persoas.	5		X	
4	Chega a Semana Santa	Tratarase o tema da Semana Santa, a súa principal cor e simboloxía. Falaremos da morte de Xesús como xesto de salvación.	6		X	
5	María, nai de Xesús	O mes de Maio coma o mes adicado á Virxe María.	5			X
6	A Igrexa, a casa dos cristiáns	Falaremos da Igrexa como lugar sagrado de oración dos cristiáns, que cousas hai no seu interior e aprenderemos que os cristiáns rezan no seu interior a Deus.	5			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	E Deus creou o mundo	6

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.1 - Adquirir autonomía no coidado do seu corpo e na realización das súas actividades cotiás, atendendo ás indicacións establecidas en común para a aula.	É autónomo para facer algunhas actividades cotiás básicas.	TI
CA1.12 - Desenvolver a capacidade artística e a sensibilidade estética en harmonía coa súa propia identidade persoal e cultural.	Desfruta elaborando produtos artísticos.	
CA1.13 - Explorar o propio mundo imaxinativo e simbólico e recoñecer as propias emocións, descubríndoo en momentos de silencio, quietude e espazos de reflexión guiada que permita descubrir	É quen de estar en silencio durante breves reflexións guiadas.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O valor da persoa á luz da mensaxe cristiá: autonomía e comunicación. - O coidado e o respecto do corpo e da natureza na visión cristiá. - O valor do ser humano, cos seus límites e posibilidades, como fillo de Deus. - Valoración da beleza e a súa capacidade para ser transmisora dun sentido de pertenza e valores. - Expresión creativa a través de diferentes linguaxes do seu mundo interior, do que experimenta e admira. - Aprecio do silencio e a calma como ferramentas para a identificación de emocións e sentimentos. - Ao encontro e coidado dos outros: crecer en comunión. - Actitudes de autonomía, asertividade, respecto, empatía e coidado das persoas e da natureza, á luz da ética cristiá. - Admiración e coidado da natureza como creación de Deus e casa común. - A fraternidade humana: fillos e irmáns dun único Deus. - Identidade cristiá e contorna social. - A Biblia como comunicación de Deus coas persoas.

UD	Título da UD	Duración
2	Xesús nace nun pesebre	8

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.2 - Recoñecer hábitos básicos de relación tomando como referencia modelos cristiáns e propoñendo actitudes para a vida na familia e na escola.	Coñece algunhas actitudes cristiáns de relación na familia e na escola.	TI
CA1.11 - Coñecer as manifestacións culturais, relixiosas e artísticas, espertando hábitos de admiración, respecto, diálogo intercultural e sentido de pertenza.	Coñece algunha manifestación artística relacionada co cristianismo (pintura, escultura, arquitectura...).	
CA1.12 - Desenvolver a capacidade artística e a sensibilidade estética en harmonía coa súa propia identidade persoal e cultural.	Desfruta elaborando producións artísticas.	
CA1.13 - Explorar o propio mundo imaxinativo e simbólico e recoñecer as propias emocións, descubríndoo en momentos de silencio, quietude e espazos de reflexión guiada que permita descubrir	É quen de estar en silencio durante breves reflexións guiadas.	
CA1.16 - Identificar a Xesús de Nazaret como o núcleo esencial do cristianismo a través de escóitaa de narracións bíblicas e a observación de tradicións e obras artísticas.	É quen de recoñecer o relato do nacemento de Xesús.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O valor da persoa á luz da mensaxe cristiá: autonomía e comunicación. - Progresiva autorregulación, responsabilidade, coidado de si mesmo, nos hábitos básicos de relación. - Valoración da beleza e a súa capacidade para ser transmisora dun sentido de pertenza e valores. - Expresión creativa a través de diferentes linguaxes do seu mundo interior, do que experimenta e admira. - Identidade cristiá e contorna social. - Recoñecemento de símbolos propios das festas relixiosas. - Recoñecemento de Xesús de Nazaret como figura clave do cristianismo. - A familia de Xesús e a relación de Xesús cos seus discípulos. - Calendario litúrxico e celebracións cristiás.

UD	Título da UD	Duración
3	Xesús quere-me e cóidame	5

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.4 - Desenvolver hábitos de acollida e amabilidade aprendidos a través de contos e narracións bíblicas sobre a vida en comunidade.	Recoñece situacións nas que usar as palabras grazas e por favor.	TI
CA1.6 - Xeneralizar actitudes de respecto e mediación para xerar vínculos significativos de amizade e afecto, escoitando con atención relatos bíblicos nos que se considere a importancia da	Amosa interese pola materia e respecta os momentos de xogo e de narracións.	
CA1.7 - Propiciar espazos inclusivos e pacíficos de convivencia, tomando como exemplo as palabras e accións de Xesús de Nazaret e recoñecendo a súa importancia para a construción dun mundo	Recoñece na figura de Xesús as actitudes máis axeitadas para a convivencia pacífica.	
CA1.8 - Recoñecer sentimentos e actitudes que fomenten o respecto, a compaixón e o perdón, observándoas en personaxes de narracións bíblicas.	Recoñece o valor do perdón no relato da Paixón de Xesús.	
CA1.9 - Comprender actitudes de cooperación para a consecución de espazos pacíficos de convivencia, escoitando narracións e relatos bíblicos que propoñan modelos de respecto á diversidade	Recoñece actitudes pacíficas baseadas nalgún relato bíblico.	
CA1.12 - Desenvolver a capacidade artística e a sensibilidade estética en harmonía coa súa propia identidade persoal e cultural.	Desfruta elaborando producións artísticas.	
CA1.13 - Explorar o propio mundo imaxinativo e simbólico e recoñecer as propias emocións, descubrindo en momentos de silencio, quietude e espazos de reflexión guiada que permita descubrir	É quen de estar en silencio durante breves reflexións guiadas.	
CA1.17 - Distinguir as actitudes e valores propios da vida cristiá, escoitando narracións dos Evanxeos e dos Feitos dos Apóstolos e apreciando as accións de servizo na vida en comunidade.	Amosa lelicia pola celebración do nacemento de Xesús.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O valor da persoa á luz da mensaxe cristiá: autonomía e comunicación. - O valor do ser humano, cos seus límites e posibilidades, como fillo de Deus. - A igualdade e dignidade de todos os seres humanos á luz do Evanxeo. - Valoración da beleza e a súa capacidade para ser transmisora dun sentido de pertenza e valores. - Expresión creativa a través de diferentes linguaxes do seu mundo interior, do que experimenta e admira. - Ao encontro e coidado dos outros: crecer en comunión. - Maneiras e modos de comunicar as emocións propias nas relacións interpersoais.

Contidos

- Actitudes de autonomía, asertividade, respecto, empatía e coidado das persoas e da natureza, á luz da ética cristiá.
- Actitudes de amabilidade, acollida e gratitude como expresión de respecto aos demais.
- Valoración das relacións sociais, en especial da amizade.
- Presentación de diversos relatos bíblicos que reflectan as accións e sentimentos de Xesús de Nazaret cara aos máis necesitados.
- Actitudes de solidariedade e cooperación para unha sociedade participativa e inclusiva.

UD	Título da UD	Duración
4	Chega a Semana Santa	6

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.3 - Expresar as capacidades afectivas e calidades recoñecendo posibilidades e limitacións, utilizándoos para o seu coidado e o da súa contorna e para afrontar dificultades.	Amosa afecto polos seus compañeiros e a súa familia e pide axuda cando a precisa.	TI
CA1.8 - Recoñecer sentimentos e actitudes que fomenten o respecto, a compaixón e o perdón, observándoas en personaxes de narracións bíblicas.	Recoñece o valor do perdón no relato da Paixón de Xesús.	
CA1.11 - Coñecer as manifestacións culturais, relixiosas e artísticas, espertando hábitos de admiración, respecto, diálogo intercultural e sentido de pertenza.	Coñece algunha manifestación artística relacionada co cristianismo (pintura, escultura, arquitectura...)	
CA1.12 - Desenvolver a capacidade artística e a sensibilidade estética en harmonía coa súa propia identidade persoal e cultural.	Desfruta elaborando producións artísticas.	
CA1.13 - Explorar o propio mundo imaxinativo e simbólico e recoñecer as propias emocións, descubríndoo en momentos de silencio, quietude e espazos de reflexión guiada que permita descubrir	É quen de estar en silencio durante breves reflexións guiadas.	
CA1.16 - Identificar a Xesús de Nazaret como o núcleo esencial do cristianismo a través de escóitaa de narracións bíblicas e a observación de tradicións e obras artísticas.	É quen de recoñecer o relato do nacemento de Xesús	
CA1.18 - Recoñecer e respectar os valores, actitudes e características básicas do cristianismo e doutras relixións.	Respecta ás diferentes formas de celebrar o nacemento de Xesús	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- O valor da persoa á luz da mensaxe cristiá: autonomía e comunicación.
- Comunicación das propias emocións cando perdoamos e somos perdoados.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Valoración da beleza e a súa capacidade para ser transmisora dun sentido de pertenza e valores. - Expresión creativa a través de diferentes linguaxes do seu mundo interior, do que experimenta e admira. - Ao encontro e coidado dos outros: crecer en comuñón. - Actitudes de autonomía, asertividade, respecto, empatía e coidado das persoas e da natureza, á luz da ética cristiá. - Habilidades para a mediación e a resolución de conflitos: escoita activa, diálogo construtivo, asertividade e perdón. - Narracións bíblicas que propoñen o perdón, a misericordia e a solidariedade como características do Reino de Deus. - Identidade cristiá e contorna social. - Recoñecemento de Xesús de Nazaret como figura clave do cristianismo. - A oración de Xesús. - Calendario litúrxico e celebracións cristiás.

UD	Título da UD	Duración
5	María, nai de Xesús	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.10 - Expresar en diversas linguaxes os costumes sociais da contorna que reflicten a vivencia de valores cristiáns, mostrando respecto e aprecio.	É quen de contar algunha experiencia propia relacionada coa Igrexa (bautizo, eucaristía, Nadal...).	TI
CA1.11 - Coñecer as manifestacións culturais, relixiosas e artísticas, espertando hábitos de admiración, respecto, diálogo intercultural e sentido de pertenza.	Coñece algunha manifestación artística relacionada co cristianismo (pintura, escultura, arquitectura).	
CA1.12 - Desenvolver a capacidade artística e a sensibilidade estética en harmonía coa súa propia identidade persoal e cultural.	Desfruta elaborando producións artísticas.	
CA1.13 - Explorar o propio mundo imaxinativo e simbólico e recoñecer as propias emocións, descubrindo en momentos de silencio, quietude e espazos de reflexión guiada que permita descubrir	É quen de estar en silencio durante breves reflexións guiadas.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O valor da persoa á luz da mensaxe cristiá: autonomía e comunicación. - Calidades e talentos persoais propostos en figuras bíblicas e outras biografías significativas. - Relatos bíblicos e biografías doutros personaxes da cultura da contorna que poñen de manifesto o valor da interioridade e a experiencia relixiosa.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Valoración da beleza e a súa capacidade para ser transmisora dun sentido de pertenza e valores. - Expresión creativa a través de diferentes linguaxes do seu mundo interior, do que experimenta e admira. - Identidade cristiá e contorna social. - Identificación de costumes sociais e manifestacións culturais ou artísticas, como expresión da fe cristiá. - Recoñecemento de símbolos propios das festas relixiosas. - A figura da Virxe María.

UD	Título da UD	Duración
6	A Igrexa, a casa dos cristiáns	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.5 - Adquirir valores de escoita e agradecemento nas súas relacións sociais próximas para relacionarse cos demais de maneira asertiva.	É de quen de escoitar e agradecer nas súas relacións sociais.	TI
CA1.7 - Propiciar espazos inclusivos e pacíficos de convivencia, tomando como exemplo as palabras e accións de Xesús de Nazaret e recoñecendo a súa importancia para a construción dun mundo	Recoñecer na figura de Xesús as actitudes máis axeitadas para a convivencia pacífica.	
CA1.12 - Desenvolver a capacidade artística e a sensibilidade estética en harmonía coa súa propia identidade persoal e cultural.	Disfruta elaborando producións artísticas (pintura, escultura e arquitectura...).	
CA1.13 - Explorar o propio mundo imaxinativo e simbólico e recoñecer as propias emocións, descubrindo en momentos de silencio, quietude e espazos de reflexión guiada que permita descubrir	É quen de estar en silencio durante breves reflexións guiadas.	
CA1.14 - Identificar e expresar algúns sentimentos e conviccións, coñecendo oracións, cancións e prácticas relixiosas, acolléndooas cunha actitude de asertividade e respecto.	Coñece algunha canción ou oración das aprendidas.	
CA1.15 - Describir as crenzas e valores, propias e doutros, comunicándoas con seguridade a través de diversas linguaxes, recoñecendo o silencio e a oración como elementos da experiencia es	Recoñece imaxes de algúns elementos relixiosos propios do cristianismo.	
CA1.17 - Distinguir as actitudes e valores propios da vida cristiá, escoitando narracións dos Evanxeos e dos Feitos dos Apóstolos e apreciando as accións de servizo na vida en comunidade.	Amosa ledicia pola celebración do nacemento de Xesús.	
CA1.18 - Recoñecer e respectar os valores, actitudes e características básicas do cristianismo e doutras relixións.	Respecta as diferentes formas de celebrar o nacemento de Xesús.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- O valor da persoa á luz da mensaxe cristiá: autonomía e comunicación.
- Actitude de respecto #ante a exteriorización de emocións, crenzas, pensamentos, ilusións e medos dos demais.
- Relatos bíblicos e biografías doutros personaxes da cultura da contorna que poñen de manifesto o valor da interioridade e a experiencia relixiosa.
- Valoración da beleza e a súa capacidade para ser transmisora dun sentido de pertenza e valores.
- Expresión creativa a través de diferentes linguaxes do seu mundo interior, do que experimenta e admira.
- Aprecio do silencio e a calma como ferramentas para a identificación de emocións e sentimentos.
- Ao encontro e coidado dos outros: crecer en comunión.
- Actitudes de autonomía, asertividade, respecto, empatía e coidado das persoas e da natureza, á luz da ética cristiá.
- Valoración dun clima de convivencia harmónico, inclusivo e pacífico construído entre todos: o diálogo e a empatía.
- A fraternidade humana: fillos e irmáns dun único Deus.
- A vida cristiá en comunidade.
- Actitudes de solidariedade e cooperación para unha sociedade participativa e inclusiva.
- Identidade cristiá e contorna social.
- As oracións e prácticas cristiás máis comúns na contorna social.
- A familia de Xesús e a relación de Xesús cos seus discípulos.
- A relación da persoa con Deus e as súas expresións comunitarias: a Igrexa.
- A riqueza da interculturalidade como oportunidade de desenvolvemento persoal e social.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía para a materia de relixión católica fundaméntase na atención personalizada ao alumnado, na diversidade de actividades, estratexias, en experiencias de aprendizaxe significativo e emocionalmente positivas, no coidado do desenvolvemento afectivo e cognitivo dos alumnos e alumnas, no aprendizaxe individualizado e cooperativo, na relación dos aprendizaxes coa contorna, nun enfoque competencial orientado á acción, ao emprendemento e á aplicación dos saberes.

Para a atención personalizada, na aula utilizamos dinámicas de educación emocional e comunicación empática. O método de traballo pode ser individual ou cooperativo, en grupo pequeno ou con todo o grupo-clase: realizaranse tarefas que promovan a colaboración, non a competitividade, e aplicaranse técnicas de traballo formal e non formal. Trátase de que todo o alumnado teña oportunidade de aprender.

A nivel máis concreto usaremos situacións de aprendizaxe que recrean na aula situacións significativas e cotiás do entorno persoal, familiar, social e cultural dos nenos e nenas e que se refiren ás súas necesidades e intereses.

A complexidade dos retos e problemas que presentan estas situacións serán axeitados ao desenvolvemento do alumnado. As actividades que se programen terán que provocar o diálogo, o pensamento creativo e autónomo, o bo trato, a convivencia e o respecto á diferenza.

Outra metodoloxía fundamental nesta etapa é o xogo. Utilizaranse xogos que traballen e desenvolvan a atención, memoria, imaxinación, creatividade, comunicación e a expresión en diferentes linguaxes.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Materiais funxibles para produccions artísticas (ceras de cores, lápices, témperas, papeis de cores, rotuladores...)
Mandalas
Materiais audiovisuais
Murais
Imaxes de cadros, esculturas ou edificios relacionados co cristianismo.
Fichas
Biblia infantil

Os materiais para produccions artísticas, os xogos e outros elementos lúdicos usaranse para provocar a resposta creativa do alumnado perante as situacións de aprendizaxe propostas, para facilitar a autoexploración interior, o recoñecemento de distintas emocións e como canalizas e a relación entre as actividades cooperativas e o grao de satisfacción persoal.

Os materiais audiovisuais que se utilizan son curtametraxes, contos ou fábulas, vídeos ou audicións de rutinas de interiorización guiadas.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Facer unha avaliación inicial permítenos apreciar os coñecementos previos do alumnado para realizar as adaptacións oportunas e necesarias e poder partir dos seus coñecementos previos á hora de levar a cabo o desenvolvemento das diferentes secuencias didácticas e actividades

Neste nivel usaremos unha rutina de pensamento visual coa finalidade de explorar o grao de coñecemento sobre os personaxes bíblicos e diferentes elemento relixiosos.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Criterios de cualificación:

A avaliación en Educación Infantil será global, continua e formativa e levarase a cabo de xeito sistemático.

Os criterios na Educación infantil pretenden ser para o profesor algúns indicadores na avaliación continua e

observación do alumnado co fin de reconducir o seu propio aprendizaxe. O criterio esencial é coñecer ao neno ou nena e axudarlle no seu crecemento.

Farase a partir da análise das producións do alumnado, as escalas de valoración ou cotexo, e a observación directa e sistemática, observando as condutas e os comportamentos dos nenos e nenas, as relacións que establecen cos seus iguais e os procesos de ensino e aprendizaxe.

Como en todas as áreas de Ed. Infantil, na avaliación valórase sobre todo o progreso e o grao de consecución dos obxectivos, así como o interese do alumnado.

Critérios de recuperación:

En calquera clase de educación infantil hai alumnos e alumnas con diferentes estilos e ritmos de aprendizaxe e diferentes niveis de motivación.

A diversidade de actividades, materiais e estratexias utilizados posibilita que todo o alumnado poida atopar algún que estea de acordo co seu estilo e ritmo de aprendizaxe.

Algunhas destas actividades actúan como unha extensión para aqueles alumnos sen dificultades, e outras ofrecen un reforzo para aqueles que necesitan máis apoio. O obxectivo de que todo alumno/a participe no proceso de aprendizaxe con plena satisfacción e acade o éxito de acordo ao seu nivel de capacidade e interese.

6. Medidas de atención á diversidade

A atención educativa á diversidade é o conxunto de medidas e accións deseñadas coa finalidade de adecuar a resposta educativa ás diferentes características, potencialidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.

Ten como finalidade favorecer ao desenvolvemento persoal e social de cada un dos alumnos e alumnas e o seu potencial de aprendizaxe facilitándolles a adquisición das competencias e a consecución dos obxectivos xerais previstos.

Ríxese polos principios de normalización e inclusión, equidade e igualdade de oportunidades e non discriminación, flexibilidade e accesibilidade; interculturalidade e promoción de convivencia.

- O primeiro paso será identificar o tipo de dificultades que ten un alumno ou alumna xa que poden deberse a dificultades específicas, problemas emotivo - relacionais e/ou de conduta, altas capacidades intelectuais ou condicións persoais ou de historia escolar moi desfavorable.

- Porase especial coidado en formar grupos heteroxéneos no traballo colaborativo que favorezan a inclusión de todo o alumnado.

- Favorecer a aprendizaxe con materiais manipulativos que poidan facilitar o desenvolvemento dos alumnos e alumnas.

- Fomentar a mellora do autoconceito e a autoestima, aprendendo a reflexionar sobre si mesmos.

- Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación.

- Reforzar os logros, por pequenos que sexan, para motivar os/as alumnos/as nas aprendizaxes.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Educación para a paz	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Educación para a igualdade de xénero	X		X		X	
ET.3 - Educación para a saúde	X		X			
ET.4 - Educación para a sustentabilidade e a ecoloxía	X					

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.5 - Educación para o consumo responsable	X	X				X
ET.6 - Educación para a solidariedade	X	X	X	X	X	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Día Universal da Infancia	20 de Novembro			
Día Internacional contra a Violencia de Xénero	25 de Novembro			
Día Internacional das Personar con Discapacidade	3 de Decembro			
Día Internacional da Educación	25 de Xaneiro			
Día Escolar da Non Violencia e da Paz	30 de Xaneiro			
Día Internacional da Muller	8 de Marzo			
Semana da Prensa	Do 8 ao 12 de Marzo			
Día Mundial da Saúde	7 de Abril			
Semana do Libro	Do 19 ao 23 de Abril			
Día Internacional contra o Acoso Escolar	3 de Maio			
Día de Europa	10 de Maio			
Día Mundial do Medio Ambiente	4 de Xuño			
Día pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia.	Mes de Xuño			

Observacións:

Principais celebracións no colexio:

- Samaín (Outubro)
- Magosto (Novembro)
- Nadal (Decembro)
- Entroido (Marzo)
- Letras Galegas (Maio)
- Festival
- Festa de Fin de Curso (Xuño)

Ademais, durante todo o curso haberá saídas pola contorna (Illa das Esculturas, Río Lárez...), sesións de contacontos/escritores, saídas ao Teatro e diversas actividades ofertadas polo Concello e a Deputación de Pontevedra.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Realizo a miña programación de aula de forma coherente e meditada.
Creo materiais didácticos para apoiar o aprendizaxe.
Aplico diversas metodoloxías para promover o aprendizaxe activo.
Realizo actividades baseadas no aprendizaxe cooperativo.
Adapto as actividades a diversidade da aula.
Potencio a participación dos alumnos na aula.
Vínculo o aprendizaxe ca vida real.
Emprego técnicas e instrumentos de avaliación variados que orienten o alumnado para o seu desenvolvemento.
Utilizo a avaliación para favorecer a aprendizaxe.
Fomento a autoavaliación e a coavaliación.
Reflexiono sobre o meu exercicio docente establecendo puntos febles e fortes.
Realizo formación para mellorar como profesional máis alá da que me proporciona e suxire o centro.

Descrición:

A avaliación é un elemento esencial no proceso de ensinanza-aprendizaxe e debe aplicarse tanto na aprendizaxe dos alumnos coma na revisión da práctica docente. Recoller sistemáticamente información relevante sobre a nosa práctica docente permítenos reaxustar a intervención educativa de acordo coas aprendizaxes reais do alumnado. A finalidade non é outra que mellorar o proceso de aprendizaxe de cada alumno, o funcionamento do grupo clase, a nosa propia práctica e o funcionamento do centro escolar.

Utilizaremos como ferramenta de autoavaliación docente unha lista de control de diferentes ítems Esta lista pretende ser unha guía para revisar a nosa actividade docente e poder crear a partir das nosas repostas novas liñas de mellora cara o próximo curso. Para cumprimentar esta lista de control debemos marcar a casilla na que nos atopamos en relación o ítem exposto. Para iso dispoñemos de catro niveis de frecuencia: Nivel 1: pouco. Nivel 2: ás veces. Nivel 3: frecuentemente. Nivel 4: sempre.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Revisaremos a programación trimestralmente. Como instrumento de avaliación empregaremos un cadro no que se reflicten diferentes aspectos:

- Motivación inicial do alumnado e durante todo o proceso.
- Presentación dos contenidos.
- Recursos e organización.
- Clima da aula.
- Seguimento/control de ensino/aprendizaxe.
- Diversidade.

9. Outros apartados